

CIRCULAR 3/2024, do 23 de maio, da Secretaría Xeral para o Deporte en materia de cumprimento da normativa de certificación de méritos para o recoñecemento das condicións de persoa deportista de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base.

Destinatarias: Federacións Deportivas Galegas.

O obxecto da presente circular é lembrar e reforzar a importancia do cumprimento rigoroso da normativa establecida para a certificación de méritos que acreditan os criterios para acceder á condición de persoa deportista de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base.

É fundamental que as federacións certifiquen os méritos dos seus deportistas coa máxima fidelidade ás determinacións establecidas na normativa de aplicación nesta materia: o Decreto 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e rendemento deportivo de base (*Diario Oficial de Galicia* núm. 197, do 29), e a Orde do 23 de xuño de 2021 pola que se establecen os criterios técnico-deportivos para a obtención das condicións de persoa deportista de alto nivel, alto rendemento deportivo e rendemento deportivo de base (*Diario Oficial de Galicia* núm. 121, do 28).

Para asegurar a veracidade e exactitude da información certificada, débese cumprimentar o anexo II correspondente ao procedemento PR948A deste xeito:

- 1.- A data do mérito debe figurar con formato día/mes/año (dd/mmm/aaaa).
- 2.- Debe constar necesariamente o nivel e ámbito deportivo da proba na que se obtivo o mérito que se alega: español, europeo, continental, mundial, olímpico, paralímpico...
- 3.- A proba refírese ao nome do evento no que se obtivo o mérito. Se a proba é olímpica ou paralímpica, deixarase constancia de que posúe tal condición dentro do ciclo olímpico ou olimpíada en que se obtén o mérito: París 2024, Os Ánxeles 2028...
- 4.- A categoría refírese á que se corresponda coa propia da idade na que a persoa deportista obtivo o mérito que alega: xuvenil, júnior, sénior, máster,



absoluta... Lémbrese que non necesariamente ten por que se corresponder coa biolóxica do deportista.

5.- O posto é o que se acadou na proba: primeiro, segundo, terceiro...

6.- En particular, resulta especialmente importante deixar constancia rigorosa e exacta do número de competidores ou participantes nas probas non olímpicas ou non paralímpicas nas que o solicitante obtivo o mérito. Este número corresponderase nas probas individuais, co número de deportistas en competencia; nas probas por parellas ou equipos, co número de equipos ou parellas presentes na competición, e, naquelas probas onde se compita con vehículos, embarcacións ou automóbiles, co número de vehículos, embarcacións, automóbiles, etc. que comencen a proba.

DATA	CAMPIONATO	PROBA	CATEGORÍA	POSTO	Nº PARTICIPANTES EN PROBA NON OLÍMP./ PARALÍMP.
<i>día/mes/ano dd/mmm/ aaaa</i>	<i>de España, do mundo, europeo...</i>	<i>Na que obtivo o mérito (v. gr.: atletismo, salto lonxitude: campionato de Europa sub-23)</i>	<i>cadete, xuvenil, sub- 21, absoluta...</i>	<i>Xº</i>	<i>Na que obtivo o mérito (v. gr.: 484 xogadores no campionato de Europa individual de xadrez)</i>

7.- Para asegurar a veracidade e exactitude desta información, solicítase que se sigan as seguintes instrucións:

Verificación de datos: Revisaranse minuciosamente os rexistros de participantes no evento deportivo non olímpico/paralímpico antes de emitir a certificación no anexo. A información debe ser corroborada cos listados oficiais e calquera outra documentación pertinente.

Responsabilidade e transparencia: Lembramos a responsabilidade que recae sobre as federacións en canto a veracidade dos datos proporcionados, que resulta esencial para manter a credibilidade do sistema de recoñecemento dos méritos das persoas deportistas de alto nivel, alto rendemento deportivo e rendemento deportivo de base.

Formación e sensibilización: Recoméndase que todas as persoas involucradas na xestión e certificación dos méritos teñan información axeitada sobre a importancia destes procesos e as consecuencias de calquera erro ou falsificación de datos.

Agradecemos de antemán a súa colaboración e compromiso con este procedemento. Para calquera dúbida ou información adicional, pódense poñer



en contacto con Dna. Mónica Carballo Míguez, técnica responsable da Secretaría Xeral para o Deporte nesta materia, no teléfono 881 996 367.

Atentamente,

O xefe de servizo de Programación Deportiva e de Deporte en Idade Escolar

Juan Carlos Argüello Fernández

(asinado dixitalmente)

